



Guía Docente				
Datos Identificativos				2015/16
Asignatura (*)	Literatura e medios de comunicación	Código	613484010	
Titulación	Mestrado Universitario en Literatura, Cultura e Diversidade			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	3
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Galego-Portugués, Francés e Lingüística			
Coordinación	Samartin López-Iglesias, Roberto	Correo electrónico	roberto.samartin@udc.es	
Profesorado	Samartin López-Iglesias, Roberto	Correo electrónico	roberto.samartin@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Análise crítica especializada das relacións entre o discurso literario e os medios de comunicación.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecer as principais correntes teóricas que integraron e integran a reflexión sobre a literatura e a cultura, así como os seus antecedentes.
A2	Comprender os procesos históricos dos estudos literarios e culturais e os seus cambios de paradigma.
A3	Ser capaz de desenvolver un enfoque orixinal e creativo na investigación avanzada no ámbito dos estudos literarios e culturais.
A4	Analizar e interpretar textos, aplicando diferentes modelos teóricos e xenéricos.
A5	Aplicar as técnicas de análise cultural respectando os fundamentos ideolóxicos presentes en contextos diversos.
A6	Integrar os estudos literarios nun contexto cultural máis extenso que transcenda os límites dunha soa lingua e / ou nación, atendendo á diversidade cultural.
A7	Ampliar o concepto de literatura, a través da súa relación coas TICS, os medios de comunicación, o cinema, as artes, no marco da diversidade cultural.
A8	Aplicar unha perspectiva comparatista de carácter transnacional e plurilingüístico aos estudos literarios, artísticos e culturais.
A9	Ser capaz de realizar achegas creativas e orixinais no estudo comparatista dos textos literarios, dos produtos artísticos e das realidades culturais.
A10	Aplicar as técnicas de análise cultural en contextos diversos.
A11	Adquirir as habilidades necesarias para analizar e investigar os mecanismos dos procesos de comunicación.
A12	Coñecer e valorar a diversidade cultural, con especial atención aos ámbitos anglófono, hispánico e galego-portugués.
A13	Adquirir a capacidade de manexar ferramentas e recursos de investigación aplicados no ámbito dos estudos literarios e culturais.
B1	Traballar de maneira interdisciplinar en entornos diversos.
B3	Promover o entendemento intercultural desde a comprensión da diversidade.
B4	Desenvolver habilidades cognitivas avanzadas (capacidade de síntese, análise e pensamento crítico) relacionadas co desenvolvemento e a creación dun perfil investigador.
B5	Integrar coñecementos de campos de estudo diversos.
B6	Aplicar coñecementos e habilidades na resolución de problemas en entornos novos ou non familiares en contextos interdisciplinares.
B7	Adquirir a capacidade de concebir e deseñar proxectos de investigación con rigor académico.
B8	Desenvolver habilidades de xestión da información para propósitos académicos e de investigación.
B9	Adquirir capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.



C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer a tipoloxía de espazos reservados polos medios de comunicación ao campo literario e as relacións do poder mediático coa literatura, con especial atención ás sociedades con concorrencia de sistemas literarios.	AM2 AM3 AM5 AM6 AM8 AM10 AM12	BM1 BM3 BM4 BM5 BM6	CM6 CM7
Coñecer e manexar as ferramentas de recursos de investigación deste campo, así como os principais focos de información e de reflexión teórica relativas aos estudos das relacións entre a literatura e os medios de comunicación, e saber integrar as achegas dos principais grupos investigadores do ámbito académico	AM1 AM2 AM3 AM6 AM8 AM10 AM12	BM1 BM3 BM4 BM5	CM2 CM3 CM5 CM6 CM7 CM8
Concibir e desenvolver un pequeno traballo individual de pesquisa, rigoroso e orixinal, en que se analise de maneira especializada ora as tensións centro-periferias do sistema literario que se producen nos "media", ora os novos modelos repertoriais que se someten a sanción desde os medios de comunicación alternativos.	AM2 AM3 AM4 AM5 AM6 AM7 AM9 AM10 AM12 AM13	BM1 BM3 BM4 BM5 BM6 BM7 BM8 BM9	CM1 CM3 CM6 CM8
Traballar en pequenos grupos para seleccionar e comentar exemplos significativos de literatura hipertextual ou da relación das culturas minorizadas da nosa contorna coa internet.	AM2 AM3 AM4 AM7 AM9 AM10 AM12 AM13	BM1 BM6 BM8 BM9	CM3 CM4 CM6
Traballar de forma autónoma con iniciativa tendo en conta a importancia da aprendizaxe ao longo de toda a vida.	AM2 AM10 AM13	BM1 BM4 BM5 BM9	CM3 CM6 CM7
Adquirir as habilidades necesarias para analizar e investigar os mecanismos dos procesos de comunicación.	AM11		

Contidos	
Temas	Subtemas



1. Discurso literario e medios de comunicación: prensa, radio, televisión, internet.	1.1. Métodos e ferramentas de análise 1.2. A produción mediática da literatura 1.3. Construción de imaxe pública e de identidade
2. Interseccións entre literatura e medios de comunicación.	2.1. Xéneros discursivos nos medios de comunicación. 2.2. A literatura/ A cultura na sociedade dixital. 2.3. Estratexias de promoción e suportes (vídeos, blogues, revistas, suplementos de prensa, ...)

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A5 A6 A8 A10 A12 B3 B5 C5 C6	8	6	14
Discusión dirixida	A2 A3 A9 A11 B1 B4 B6 C1 C2 C8	7	5	12
Traballos tutelados	A4 A7 A13 B7 B8 B9 C3 C4 C7	1	20	21
Lecturas	A1 A4 B8 C2 C6	1	22	23
Presentación oral	A9 B4 B8 C1 C2 C3	2	2	4
Atención personalizada		1	0	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Presentación, desenvolvemento e análise de contidos teóricos e procedementais fundamentais para o alumnado atinxir as competencias e destrezas previstas no seminario.
Discusión dirixida	Presentación polo profesor ou polo alumnado dunha serie de casos teórico-práticos para a súa análise conxunta e colaborativa ao longo das sesións presenciais.
Traballos tutelados	Realización dun breve estudo relacionado cos asuntos abordados no seminario. Este traballo poderá ser realizado de maneira individual ou colectiva (de acordo coa planificación realizada polo profesor no inicio do seminario).
Lecturas	Realización dunha serie de lecturas breves previamente seleccionadas polo docente relacionadas directamente cos contidos abordados no seminario
Presentación oral	Exposición oral ao conxunto da turma dos resultados do traballo tutelado e/ou de unha lectura breve atribuída de entre a listaxe fornecida polo profesor no inicio das sesións. Durante esas presentacións orais, o alumnado utilizará os recursos tecnolóxicos precisos ao efecto e demostrará a asunción e a aplicación práctica dos contidos, destrezas e competencias abordados durante o seminario.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Traballos tutelados Lecturas Presentación oral	<p>Ao lado do labor de acompañamento realizado no horario de atendimento marcado polo profesor responsábel polo seminario, a atención personalizada estará dirixida especialmente (que non unicamente) para o apoio á realización do "Traballo Tutelado", das ?Lecturas? e da ?Exposición Oral?. De maneira xeral, cada alumno/a asistirá polo menos a unha sesión de atendimento previa á exposición da lectura e/ou a entrega do traballo.</p> <p>Para a realización das actividades previstas e a fin de obter unha orientación adecuada, é fundamental que o alumnado comunique de maneira fluída e frecuente tanto os seus progresos como as súas eventuais dificultades. Alén diso, cada estudante poderá realizar toda clase de consultas en relación ao desenvolvemento da materia, quer no horario de atendimento quer através do correo electrónico</p>
--	---

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	A1 A5 A6 A8 A10 A12 B3 B5 C5 C6	Serán avaliados o nivel de análise e comprensión das materias expostas, así como a resolución dos problemas apresentados durante estas sesións, quer através de estudos de caso ou análise de fontes documentais específicas, quer no transcurso das ?discusións dirixidas?, do ?traballo tutelado? e/ou da ?presentación oral?	10
Discusión dirixida	A2 A3 A9 A11 B1 B4 B6 C1 C2 C8	Será avaliado o rigor e a profundidade da análise, as cuestións eventualmente levantadas durante as intervencións, a frecuencia destas e, en xeral, todos os contributos relacionados co acompañamento/ desenvolvemento da materia.	20
Traballos tutelados	A4 A7 A13 B7 B8 B9 C3 C4 C7	Serán avaliados os contidos focados e os resultados do proceso ensino-aprendizaxe en relación á consecución dos obxectivos procurados no seminario. Levarase tamén en conta a calidade lingüística do texto entregado, a capacidade para a aprendizaxe autónoma e/ou o traballo en equipa, a capacidade analítica e crítica, e a adecuación aos obxectivos formulados polo profesor para esta actividade.	30
Lecturas	A1 A4 B8 C2 C6	Para alén da eventual presentación oral dunha das lecturas propostas, será avaliado o nivel de análise e comprensión das restantes lecturas demostrado no transcurso das outras presentacións orais e nas discusións dirixidas.	20
Presentación oral	A9 B4 B8 C1 C2 C3	Correspóndese com os resultados e procedimentos do traballo tutelado e, eventualmente, coa estrutura e os contidos principais do texto breve atribuído polo profesor no inicio das sesións para a lectura analítica por parte do alumno/a. Será avaliada fundamentalmente a comprensión e o dominio do contido presentado e a utilidade da(s) presentación(s) para os propósitos da materia. Levarase tamén en conta a calidade lingüística, a organización e a secuencia expositiva, a clareza e precisión na(s) exposición(s), a interacción co auditorio, o uso do tempo dispoñíbel e a elaboración e utilización dos recursos tecnolóxicos.	20

### Observacións avaliación



Non será posíbel superar a materia sen realizar o traballo tutelado.

A avaliación do seminario será feita de forma continua. Nela serán levados en conta non apenas os itens referidos no lugar correspondente mais tamén, de maneira transversal, as competencias lingüísticas, argumentativas e para a aprendizaxe colaborativa demostradas ao longo do proceso de ensino-aprendizaxe.

Todas as actividades deberán ser entregadas de acordo cos prazos e os procedementos fixados no inicio das sesións.

As persoas matriculadas a tempo parcial e que solicitasen e obtivesen dispensa académica realizarán ou entregarán as actividades obrigatorias nunha data concertada previamente co profesor. Este alumnado deberá realizar e entregar as mesmas probas e exercicios que o restante e, se non puiden asistir ás titorías, deberá pórse en contacto co profesor a través do correo electrónico.

Se houber criterios específicos de avaliación para algunha das tarefas propostas, estes serán oportunamente disponibilizados polo profesor responsábel da materia na sala de aulas ou a través do moodle. O docente fornecerá, igualmente, as oportunas instrucións para o correcto desenvolvemento de cada unha das actividades previstas.

As persoas que non superaren a materia de acordo coa avaliación continuada deberán entregar na altura da segunda edición ordinaria, nas datas marcadas aos efectos de avaliación pola Facultade de Filoxía, os traballos que foren solicitados e superar tamén aquelas probas (orais e/ou escritas) marcadas polo profesorado responsábel da materia.

Será considerado Non

Presentado aquel alumno ou alumna que non realice e expoña o traballo tutelado e as leituras encomendadas.

Fontes de información



**Bibliografía básica**

- Fernández Castillo, Carolina (2009). "La condición postmedia: nuevas posibilidades narrativas en la era digital", en Martínez Díaz e Navío Castellano (eds.) Literaturas de la (pos)modernidad, 163-178. Madrid: Editorial Fragua
- García Diniz, Luiz Antonio (2005). "Cibercultura e literatura: hipertexto e as novas arquiteturas textuais", en Alea. Estudos neolatinos vol. 7 no. 2. Rio de Janeiro
- Sapiro, Gisèle (2007). "Pour une approche sociologique des relations entre littérature et idéologie", Contextes, "L'idéologie en sociologie de la littérature (fev. 2007) (accesíbel en <http://contextes.revues..>)
- Werner, Michael (1994). "La place relative du champ littéraire dans les cultures nationales", en Espagne, Michel e Werner, Michael, eds., Philologiques III. Qu'est ce qu'une littérature nationale? Approches pour un. Paris: Éditions de la Maison de Sciences de l'Homme
- Hartley, John (2002). Communication, cultural and media studies the key concepts. London : Routledge
- Oster, Daniel (1992). Gens de lettres, écrivains et bohèmes. L'imaginaire littéraire, 1630-1900. Paris: Minerve
- Heinrich, Nathalie (2012). De la visibilité. Excellence et singularité en régime médiatique. Paris: Éditions Gallimard
- Richardson, John E. (2007). Analysing newspapers. An approach from critical discourse analysis. Nova Iorque: Palgrave Macmillan
- George, João Pedro (2013). O que é um escritor maldito. Lisboa: Verbo
- Ferin, Isabel (2002). Comunicação e culturas do quotidiano. Lisboa: Quimera
- Rodrigues, Adriano Duarte (1994). Comunicação e cultura a experiência cultural na era da informação. Lisboa: Presença
- Appadurai, Arjun (2008). Modernity at large: cultural dimensions of globalization. Minneapolis ; London: University of Minnesota Press
- Castells, Manuel (2001-2005). La era de la información economía, sociedad y cultura. Madrid: Alianza
- Castells, Manuel (2001). La galaxia Internet [reflexiones sobre Internet, empresa y sociedad]. Barcelona: Plaza & Janés
- van Dijk, Teun A. (2005). Discurso, Notícia e Ideologia. Estudos na Análise Crítica do Discurso. Porto: Campo das Letras
- Gadini, Sergio Luiz (2001). "Tematização e agendamento cultural nas páginas dos jornais portugueses", Biblioteca On-Line de Ciências da Comunicação, 2001 [Disponível em [http://www.bocc.ubi.pt/\\_esp/autor](http://www.bocc.ubi.pt/_esp/autor)]
- Kalifa, K., Ph. Régnier, M.-È. Thérenty e A. Vaillant (dir.) (2011). La Civilisation du journal. Histoire culturelle et littéraire de la presse française au XIX e siècle. Paris: Nouveau Monde Édition
- Pinson, Guillaume (2012). "L'imaginaire médiatique. Reflexions sur les representations du journalisme au XIXe siècle", Paul Aron e Vanessa Gemis (dirs.), Le littéraire en régime journalistique, número monográfico da rev
- McLuhan, Marshall e B.R. Powers (1993). La Aldea global transformaciones en la vida y los medios de comunicación mundiales en el siglo XXI. Barcelona: Gedisa

<br />



<b>Bibliografía complementaria</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Casanova, Pascale (2001). La República mundial de las Letras. Barcelona: Anagrama</li><li>- Figueroa, Antón (2002). "Literaturas minoritarias: autonomía e relacións interliterarias", en Anuario de estudos literarios galegos, 2002, 55-67.</li><li>- Ródenas, Domingo (eds.) (2003). La crítica literaria en la prensa. Madrid: Marenostrum</li><li>- Ródenas de Moya, D (2009). "Literatura y periodismo", en Rico, Gracia e Bonet (eds.) Literatura y Bellas Artes, 261-287 . Madri: Biblioteca Nueva</li><li>- Sontag, Susan ((1994) / (1996)). Against interpretation / Contra la interpretación. London: Vintage / Madrid: Santillana</li><li>- Vega, M. J. (ed.) (2003). Literatura hipertextual y teoría literaria. Madrid: Marenostrum</li><li>- Vilariño Picos, M. T. (2004). "Literatura e novas tecnoloxías", en Casas, A. (coord.) Elementos de crítica literaria, 615-650. Vigo: Xerais</li><li>- Vilariño Picos e Abuín González (comp.) (2006). Teoría del hipertexto. La literatura en la era electrónica. Madrid: Arco Libros</li></ul>
------------------------------------	---

## Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

## Observacións

Todas as cuestións non contempladas explicitamente nesta guía ou as eventuais dúbidas en relación co desenvolvemento da materia serán resolvidas polo profesorado no seu horario de atendimento, nas sesións presenciais ou no correo electrónico que figura no lugar correspondente.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías